



Concello de Moaña

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
3388/2022	Xunta de Goberno Local XGL/2024/41

**Nuria Lobato Del Río, EN CALIDADE DE SECRETARIA,
CERTIFICO:**

Que na sesión da Xunta de Goberno Local desenvolvida o 14 de outubro de 2024 adoptouse, por unanimidade das persoas asistentes, o seguinte acordo:

Fora da orde do día.- Expediente 3388/2022. Proposta relativa á aprobación do expdt de contratación patrimonial para arrendamento de ben inmovible para o Centro Sociocultural de Meira

Vista a proposta conxunta da concellería delegada de Cultura e da concellería delegada de Patrimonio, datada o 14 de outubro de 2024, que textualmente di:

Expediente núm.: 3388/2022

Procedemento: Contratacións patrimoniais

Serie documental: S0381 - Adquisicións de bens

Asunto: Contratación de alugueiro de inmovible para o Centro Sociocultural de Meira

Documento: Proposta concellería delegada de Cultura e da concellería delegada de Patrimonio

Trámite: Aprobación do expdt de contratación patrimonial para arrendamento de ben inmovible.

PROPOSTA CONCELLERÍAS DE CULTURA E PATRIMONIO

I. Antecedentes:

1. Actuacións previas. -

O concelleiro delegado de Cultura, mediante informe emitido en data 15 de novembro de 2023 (csv: A45DSZFK4A2MQNDLTNYSLX64-<https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>) emite informe de alugueiro de inmovible para o Centro Sociocultural de Meira como espazo axeitado onde poidan reunirse as asociacións para poder desenvolver a súa actividade, tal e como dispoñen o resto das parroquias de Moaña: Centro cultural Rosalía de Castro en Domaio, Centro Cultural Daniel Castela en Quintela, Centro Sociocultural X M Castroviejo en Tirán e mesmo o centro Sociocultural Ramón Cabanillas no barrio do Real, Centro cultural de Verdededo:



Centro cultural de Verdededo



Centro cultural de Abelendo

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104

NURIA LOBATO DEL RÍO (1 para 2)

Identificación Xeral:
Data de Sinatura: 14/10/2024
HASH: c6b14d20570eaf03489a8954204c254c6



Leticia Santos Paz (2 para 2)

Identificación Xeral:
Data de Sinatura: 14/10/2024
HASH: 99201633184496f12bac32aa42a72b47



CERTIFICADO
Número: 2024-0690 Data: 14/10/2024

Cod. Validación: EMENLXANXW2AWJ3ZGFCLYG97G
Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 15





Concello de Moaña



Centro cultural de Tirán



Centro cultural de Quintela



Centro cultural de Domaio

Non existe na parroquia de Meira espazo algún que permita as asociacións con fins culturais desenvolver a súa actividade, sendo preciso dispor dun espazo céntrico e estratéxico que reúna todas as necesidades da parroquia, e mesmo sirva para unificar as características sociais da parroquia de Meira, que permita a toda a veciñanza acercarse de forma accesible ao mesmo e garante a canalización dunha boa comunicación entre os veciños e veciñas de Meira.

Este espazo albergaría o uso, entre outros, da Asociación de veciños Novameira, Asociación Folclórica Cultural Meiramar-Axóuxeres, reunións de diferentes traídas de augas consolidadas na parroquia, un espazo para reunir a Asemblea da Xunta de Montes de Meira e moitas outras asociacións rexistradas no Concello de Moaña con traballo e desenvolvemento social nesta parroquia.

En canto a localización necesaria do inmovible, o concelleiro delegado sinalaba a conveniencia de dispor dun espazo na parroquia de Meira, preferentemente na zona da Ribeira, xa que, dende o punto de vista xeográfico, considerámolo o centro da Parroquia, un espazo relativamente equidistante para todos os colectivos e onde se concentra a maior poboación da parroquia e próxima á PO 551 que vertebra Moaña e nomeadamente a Parroquia do seguinte xeito:



CERTIFICADO
Número: 2024-0690 Data: 14/10/2024

Cod. Validación: EMENLXANXW2AMU3ZGFCLYG97G
Corrección: <https://concello.domaio.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 15


Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña



Xunto coa idoneidade do emprazamento do inmoble indicada polo concelleiro delegado de cultura, en canto ás condicións urbanísticas manifestou a esixibilidade de que o inmoble estea cualificado como solo urbano conforme ao noso Plan Xeral de Ordenación Municipal, para que se poida permitir o uso como centro sociocultural pretendido.

Respecto do aforo, tendo en conta o uso pretendido indicado nos primeiros parágrafos desta providencia, ao pretender ser un espazo para o uso de asembleas de mais de duascenas persoas, actividades moi variadas con moitísima xente participando, se precisa cando menos, un inmoble de 300 metros cadrados para uso múltiple.

2. Valoración técnica do inmoble. Información catastral e documentación gráfica.-

En data 05 de abril de 2024, o arquitecto de concello, no marco das actuacións previas que resultan do informe de necesidade relacionado no paragrafo anterior, emite informe de valoración técnica, urbanística e de idoneidade do inmoble para a finalidade pretendida, co seguinte resultado (csv do informe: 72JASPNC6H6SZDTGYS3QAA3XR--<https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>):

Antecedentes:

En data do 11 de agosto de 2022 visítase o ben obxecto de informe, realizando a reportaxe fotográfica que se achega como anexo.

En data 12 de decembro de 2022, emítese informe sobre local para actividades sociais. En data 2 de abril de 2024, a petición do Concelleiro da área visítase o local para a medición do mesmo coa finalidade de levantar planta de cotas e superficies do mesmo.

PRIMEIRO. O ben inmoble obxecto de aluguer reúne os seguintes requisitos:

-O ben inmoble está situado Ribeira, Porta do Sol nº 48 de Moaña. Pontevedra.

-O ben inmoble está cualificado como solo urbano e regulado pola Ordenanza nº 2, conforme ao Plan Xeral de Ordenación Urbana.

-A referencia catastral é 3220054NG2832S0002OR

-Segundo Catastro a superficie da parcela é de 1201,00 m² e a da superficie construída é de 350,00 m².

Son os seus lindeiros:

Norte: Avda Porta do Sol,

Sur: parcelas 82 e 66 do polígono 45,

Leste.- parcela 55 do polígono 45 e

Oeste.- parcela 53 do polígono 53.

-Segundo a medición realizada o local mide 345,21 m² sen poder determinar o espesor dos muros de contención perimetral por estar ocultos e supondo que estes contan con 25 cm.

SEGUNDO. O local obxecto de aluguer cumpre cos requisitos da lexislación en materia urbanística de aplicación. Permitíndose o uso sociocultural.

TERCEIRO. Á vista das características e tendo en conta os prezos de mercado, o testigo que se atopa de superficie similar (400 m²) conta cun prezo unitario de 5€/m² e en base aos 345,21 m², **estímase que o aluguer do inmoble podería valorarse ata 1.726,05€/mes incluído o iver vixente do 21%.**

CUARTO. As características do local para uso de local social municipal, e este imprescindible para levar a cabo a finalidade municipal nesta parroquia de Meira do Concello, considerándose idóneo para o uso e só concorre no ben obxecto deste informe polas causas seguintes:

Proximidade.-Atópase moi centrado respecto a parroquia de Meira e próximo o edificio do Concello, non existindo ningún mais próximo e idóneo que cumpra coa superficie e o accesibilidade dende viario

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104

CERTIFICADO
Número: 2024-0690 Data: 14/10/2024

Cod. Validación: EMENLXANXW2AMU3ZGFCLYG97G
Corrección: <https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 15





Concello de Moaña

principal (PO-551), despois de consultadas os principais portais inmobiliarios que contan con locais no termino municipal.

Superficie.-Pola superficie de que dispón posibilita ademais do uso interior unha superficie de parcela de 1201,00 m² para aparcamento preciso para o uso. A superficie do local de 345,21 m² maior dos 300,00 m² que se consideran necesarios, na actualidade está destinada a local para xogos, aseos diferenciados por sexos e cumprindo un deles os criterios de accesibilidade, un rocho e unha cociña.

Na superficie computada non se inclúe o rocho en altillo que actualmente con acceso de escaleira non accesible.


Altura.- O local conta cunha altura interior de 5,00 m

Forma.-Trátase dun local regular de forma sensiblemente rectangular, que permite un uso racional de eventos culturais. Posúe acceso diferenciado do edificio, dende vial autonómico.

Instalacións.- O local dispón de instalación de electricidade, auga potable fría e quente e condutos de ventilación forzada.

Prezo.- Analizados os prezos de mercado na zona a valoración faise en función destes e por tanto adecúase ao mesmo

A documentación gráfica e descritiva do inmovible é a seguinte:



PLANTA LOCAL PLANTA BAGA
SUP. CATASTRAL 300,00 m²
SUP. CONSTRUCION MEDICION 345,21 m²

CERTIFICADO

Número: 2024-0690 Data: 14/10/2024

Cod. Validación: EMENLXANXW2AMU3ZGFCLYG97G
Corrección: <https://concellomoana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 15

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

CONSULTA DESCRIPTIVA Y GRÁFICA DE DATOS CATASTRALES DE BIEN INMUEBLE
Referencia catastral: 3320094NG283250002OR

DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

Localización:
AV PORTASO SOLAR E+Y P+T P801
36662 MOAÑA (PONTEVEDRA)

Clase: URBANO

Uso principal: Industrial
Superficie construída: 350 m²
Año construción: 1980

Construción

Elemento	Detalle / Tipo / Pertenencia	Superficie m ²
INDUSTRIAL		350

PARCELA

Superficie gráfica: 1.221 m²
Participación del inmueble: 93,379608 %
Tipo: Parcela con varios inmuebles (líneas horizontales)



Este documento no es una certificación catastral, pero sus datos pueden ser verificados a través del "Acceso a datos catastrales en protección de la SEC".

Lunes, 12 de Diciembre de 2022

3. Incoación do procedemento.-

Mediante Providencia de alcaldía de 20 de setembro de 2024 (CSV: AWGYATCPTNRKY6TELASQ2ML6R-<https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>), se ordena a incoación do procedemento de contratación do alugueiro de inmoble destinado a Centro Sociocultural na parroquia de Meira, que trae causa do informe de necesidade do concelleiro delegado de cultura referenciado no apartado 1º destes antecedentes e da idoneidade do inmoble indicado na taboa descritiva do contrato que resulta do informe de valoración técnica, urbanística e de idoneidade do inmoble para a finalidade pretendida emitido, en data 05 de abril de 2024, polo arquitecto de concello, indicado no apartado anterior destes antecedentes.

4. Prescricións técnicas do alugueiro: Requisitos mínimos do local e condicións técnicas.-

O arquitecto do concello define os requisitos mínimos e condicións técnicas do local nas prescricións técnicas do alugueiro proposto segundo resulta do prego asinado en data 19 de setembro de 2024 (csv do PPT: 454DP69YH5TRGKRPJM4WMZXX3- <https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>).

Requisitos mínimos:

- *Natureza: Local habilitado para uso cultural con zona de aparcadoiro.
- *Ubicación: O local debe estar na parroquia de Meira, ben situado respecto a vial principal de circulación e con acceso doado por proximidade a Casa do Concello.
- *Deseño: O local debe contar cun espazo preferentemente diáfano, ademais de aseos diferenciados por sexos e para persoas con discapacidade, unha zona ou varias de almacén. Será prioritario que non sexa preciso levar a cabo obras que excedan a conservación e mantemento.
- *Accesibilidade: O local debe contar coas condicións de accesibilidade establecidas pola normativa en vigor, independentemente de que fora do programa mínimo se ofrezan a mais espazos que non cumpriran estes requisitos.
- *O Local non estará situado en fora de ordenación segundo o PXOM.
- *O Local non presentará ningún tipo de publicidade fixa ou estática nin rotulación previa a que poida establecer o Concello con posterioridade.
- *A superficie mínima do local contará cun mínimo de 300,00 m² construídos. Podendo ser superada esta superficie valorándose ata 400,00 m² como computable a efectos da determinación do valor do alugueiro.
- *Contará o local con superficie mínima para aparcamento de 4 vehículos con prazas de 2,5 x5,00 m.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104

CERTIFICADO
Número: 2024-0690 Data: 14/10/2024

Cod. Validación: EMENLXANXW2AMU3ZGFCLYG97G
Corrección: <https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 15





Concello de Moaña

Requisitos técnicos:

*Fachadas.- Deberá contar con fachadas que cumpran as condicións de ornato e conservación correspondentes a un edificio de uso público.

*Cuberta.-Deberá contar con cuberta que cumpra coas condicións de impermeabilización establecidas no CTE ou situarse en planta baixa de edificio que asegure estas condicións.

*Estrutura.- Contará coas condicións de solidez e seguridade para o uso socio-cultural ao que estará destinado.

*Acabados.-Os acabados de solos e pavimentos será antiesvarantes segundo CTE para locais de este uso. Os paramentos verticais e horizontais estarán pintados con pintura plástica.

*Equipamento en baños.-Disporá o local de aseos diferenciados por sexos con dúas unidades de inodoros e lavamans por cada un ademais de que un deles ou de forma individual un cumpra as condicións de accesibilidade.

*Instalacións.- Contará con instalacións de electricidade cumprindo as condicións que permitan a alta na Compañía distribuidora, iluminación preferentemente LED ou de baixo consumo, abastecemento de auga, saneamento e ventilación natural ou forzada que permita a ventilación de aseos e local.

*Protección contra incendios.- Debe cumprir o local coas condicións e instalacións de protección establecidas no CTE-DBSI.

*Eficiencia enerxética.-Disporá o local de Certificación de eficiencia enerxética (Real Decreto 235/2013).

*Declaración responsable do Propietario de estar libre de servidumes, inquilinos e ocupantes.

*Cumprimento dos parámetros recollidos no punto 8.3.10 do PXOM para o uso socio cultural.

5. Xustificación da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato patrimonial proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacerlas, da elección do procedemento e do análise económico do contrato.-

Consta memoria xustificativa das necesidades, da elección do procedemento e da análise económico do contrato patrimonial proposto asinado por estas concelleiras delegada da área de Cultura e de Patrimonio, en data 2 e 3 de outubro respectivamente (csv: 9DTA2XPGKH26YA6LM2RXNSFR2-<https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>).

Se propón a celebración do seguinte contrato:

1. DENOMINACIÓN	ALUGUEIRO DUN LOCAL DESTINADO A CENTRO SOCIOCULTURAL DA PARROQUIA DE MEIRA	
2. CODIFICACIÓN	Vocabulario común de contratos (CPV)	70130000-1, Servicios de arrendamiento de bienes raíces propios 70310000-7 Servizos de alugueiro ou venda de edificios
3. ORZAMENTO DE LICITACIÓN	Base imponible: 68.471,52 € Importe IVA: 14.378,88€ Total: 82.850,40 €	
4. VALOR ESTIMADO	TOTAL: 171.178,8€	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	3330 20200	
6. FINANCIACION	Cofinanciación: Non [x] Sí [] Razón: _____ Cuantía: _____	
7. PRAZO DE EXECUCIÓN	4 anos prorrogables por períodos anuais para o arrendador ata un máximo de dez anos segundo a previsión contida nos artigos 4.3 da LAU	
8. PROCEDEMENTO	1. Adjudicación directa pola especial idoneidade do ben obxecto de arrendamento 2. Tramitación del expediente: Ordinaria [x] / Urgente [] 3.- Publicación Oficial: PCSP[x] / DOUE [] 4.- Prazo presentación ofertas: 15 días a contar desde o día seguinte a invitación	

CERTIFICADO
Número: 2024-0690 Data: 14/10/2024

Cod. Validación: EMENLXANXW2AMU3ZGFCLYG97G
Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 15

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

	remitida
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	Forma presentación MIXTA (presencial ou electrónica) Non ten exclusivamente carácter electrónico ao poder participar persoas físicas que non teñen consideración de empresario de conformidade co artigo 14 da Lei 39/2015 Rexistro de entrada e no caso de que os licitadores sexan persoas xurídicas deberán preparar e presentar obrigatoriamente as súas ofertas de forma electrónica a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (https://contrataciondelestado.es).
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	A) Tramitación ordinaria: 15 días a contar desde o día seguinte a invitación remitida
11. PERFIL DO CONTRATANTE	Plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP)
12.FIANZA	Excepcionado
13 RESPONSABLE DO CONTRATO	Concellería delegada de Cultura e Concellería delegada de Patrimonio

O contrato proposto queda excluído do ámbito de aplicación da normativa en materia de contratación pública, a teor do disposto no artigo 9.2 da LCSP tendo en consecuencia, carácter e natureza de contrato privado que van rexerse pola lexislación patrimonial.

En base ao anterior, debe ser cualificado como contrato de arrendamento para uso distinto de vivenda, atopándose definido na Lei de Arrendamentos Urbanos (Lei 29/1994, do 24 de novembro), no seu artigo 3, como aquel arrendamento que, recaendo sobre unha edificación, teña como destino primordial un uso distinto ao establecido no artigo anterior (arrendamento de vivenda), tratándose dunha cesión do uso de bens con carácter oneroso, pola que, de acordo co disposto no artigo 1.543 e seguintes do Código Civil, unha das partes (propietario do inmovible), obrígase a dar á outra (concello de Moaña) o goce ou uso dun ben por tempo determinado e prezo certo.

As necesidades descritas, se vinculan co exercicio das competencias municipais definidas nos arts. 25.2.m) da LRBRL, relativas á promoción e fomento da cultura no seu territorio e para levar a cabo accións con este fin como a de promover a creación de centros socioculturais.

Respecto do procedemento proposto se indica o seguinte:

De acordo con o artigo 124 da Lei 33/2003, do 3 de novembro (básico) os arrendamentos concertaranse mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida regulado no apartado 4 da disposición adicional décimo quinta, **salvo que, de forma xustificada** e polas peculiaridades da necesidade para satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da contratación debida a acontecementos imprevisibles, ou a **especial idoneidade do ben, considérese necesario ou conveniente concertalos de modo directo**

Xustifícase a adquisición directa que contempla o apartado 4º do artigo 116, da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, que permite o acordo da adquisición directa polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben, como é o caso nos termos indicado no informe de valoración técnica, urbanística e de idoneidade do inmovible para a finalidade pretendida, de data 05/04/2024, emitido polo arquitecto do concello (csv do informe: 72JASPNC6H6SZDTGYS3QAA3XR--<https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>),

Co presente contrato o Concello de Moaña quere acollerse a modalidade de adquisición directa prevista na LPAP que permite adquirir un ben directamente a un provedor sen a necesidade de realizar un proceso de licitación pública e cumprindo coas condicións esixidas da contratación:

Trátase dun arrendamento dun ben inmovible.

Xustifícase a necesidade de adquirir o ben de forma directa e a elección do provedor.

Xunto coa definición do obxecto do contrato e do procedemento proposto, en canto á valoración do prezo da renda polo alugueiro proposto, foi calculado polos servizos técnicos municipais, no informe de data 05/04/2024 (csv do informe: 72JASPNC6H6SZDTGYS3QAA3XR--<https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>), tendo en conta os prezos de mercado na zona, e que ascende a un total de:

Importe mensual	Impostos	Total mensual
1.426,49 €	299,56 (21% IVE)	1.726,05 €

6.Documento que contén ás bases do negocio patrimonial proposto: PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXEN A CONTRATACIÓN PATRIMONIAL DO ALUGUEIRO DUN LOCAL (BEN INMOBLE) DESTINADO A USO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL DA PARROQUIA DE MEIRA. Duración do negocio xurídico patrimonial-

Consta incorporado ao expdt documento que contén e define o obxecto do contrato (cláusula 1ª), o seu réxime xurídico (cláusula 3ª), os seus efectos, cumprimento e extinción (Cláusula 20) , así como os pactos e condicións definidores dos dereitos e obrigacións das partes (Cláusula 19) asinado pola alcaldesa en data 03

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104

CERTIFICADO
Número: 2024-0690 Data: 14/10/2024

Cod. Validación: EMENLXANXW2AMU3ZGFCLYG97G
Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 15





Concello de Moaña

de outubro de 2024 (csv: CZ7PE624LWXMN5W3NG3SA5JJF- <https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>).

A duración do contrato será polo tempo que as partes acorden, conforme ao establecido no artigo 4.3 da LAU, determinándose por un período de duración de 04 anos, a contar desde a data de formalización do contrato por escrito.

Dito prazo de duración será prorrogable por períodos anuais para o arrendador, salvo que o arrendatario manifeste ao arrendador, cun mínimo de tres meses de antelación á data de terminación do contrato ou de calquera das prórrogas, a súa vontade de non renovalo.

En todo caso, a duración do contrato e das súas prórrogas non poderá ser superior a 10 anos.

Con todo, por razóns de interese público e, sempre por causa xustificada, unha vez que transcorresen 02 anos desde a formalización do contrato, o Concello de Moaña poderá deixar libre o inmovible, con anterioridade ao termo pactado de 04 anos, sen dereito por parte do arrendador a indemnización de ningún tipo.

O contrato poderá resolverse en calquera momento do mesmo se se dan as condicións de incumprimento que se prevén e a Lei de Arrendamentos Urbanos, con todo, sen prexuízo do anterior e con carácter voluntario as partes tamén poderán realizar denuncia expresa do mesmo, situación que han de comunicar á outra parte.

7. Retención de crédito.-

Consta documento contable de retención de crédito emitido pola intervención do concello en data 23 de setembro de 2024 (num oper. 220240010953) polo importe de 5178,15 euros na aplicación orzamentaria 3330 20200.

II. Normativa de aplicación.-

-Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

-Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común do sector público.(LPAC)

-Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público (LRXSP)

-Lei 7/85 de 02 de abril reguladora das bases de Réxime Local (LBRL).

-Real decreto 781/86 polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

-Lei 27/2013 do 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración (LSAL).

-Lei de Galicia 5/2014 do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LSAL (LMU).

-Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).

- Lei 33/2003, de 03/11, de Patrimonio das administracións Públicas (preceptos básicos y de aplicación xeral a todas las AAPP según Disp. Final 2ª de la citada norma) (LPAP).

-Real decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento da lei 33/2003.

-Real Decreto legislativo 1372/86, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL)

- Lei 6/2023, de 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPG).Art 1º e D.A.2ª

- Lei 29/1994, do 24 de novembro de Arrendamentos Urbanos (LAU)

- Código civil e demais normas de dereito civil que se sexan de aplicación

Emitidos os preceptivos informes xurídico da Secretaría e de fiscalización previa da Intervención municipal de data 07 e 09 de outubro de 2024 respectivamente.

Emitido polo arquitecto do concello, en data 11 de outubro de 2024 (csv: 73F4RKKAWHMHGRK9J24PFMP56-<https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>) informe técnico complementario ao xa emitido en data 5.04.2024 relativo á xustificación da taxación do ben inmovible e á idoneidade do mesmo.

Considerando a habilitación das Entidades locais para adquirir e posuír bens e dereitos de todas as clases prevista nos arts. 5 da LBRL, 1 do TRRL, 271 da LALGA e 9.1 do RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais

Considerando que a adquisición do dereito de arrendamento proposto se fundamenta no exercicio das competencias recoñecidas aos concellos en materia de promoción, fomento da cultura e equipamento culturais no seu territorio que se reconducen á promover a creación de centros socioculturais, do xeito que resulta do artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

Tendo en conta o disposto no art. 116.3 da LPAP relativo ao "Procedimiento de adquisición de inmuebles o derechos sobre los mismos", tendo en conta a consideración de contrato privado de natureza patrimonial do contrato proposto, ao abeiro do disposto no art. 9.2 da LCSP, podendo concluírse calesquera contratos, típicos ou atípicos no senso indicado no art. 115.1 da LPAP, en base aos antecedentes detallados e con aplicación da regulación contida na normativa de aplicación relacionada no presente acto administrativo PROPOÑO á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato privado de natureza patrimonial de alugueiro do inmovible ref. catastral 3220054NG2832S0002OR, sito na Ribeira, Porta do Sol nº 48, Moaña,

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104

CERTIFICADO
Número: 2024-0690 Data: 14/10/2024

Cod. Validación: EMENLXANXW2AMU3ZGFCLYG97G
Corrección: <https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 15





Concello de Moaña

destinado a Centro Sociocultural na parroquia de Meira, previsto nos arts. 1542 e seguintes do Código civil e que, circunscrito ao ámbito das administracións públicas, ante a ausencia de regulación expresa na normativa de réxime local, se contempla nos arts. 122 e ss da LPAP.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación privada de natureza patrimonial para o alugueiro do ben inmoble ref. catastral 3220054NG2832S0002OR, sito na Ribeira, Porta do Sol nº 48, Moaña, destinado a Centro Sociocultural na parroquia de Meira, polo procedemento de adxudicación directa pola especial idoneidade do ben obxecto de arrendamento e tramitación ordinaria, polo importe de 68.471,52 €, sendo o importe IVA de 14.378,88 €, sendo o total de 82.850,40 € coas seguintes características:

1. DENOMINACIÓN	ALUGUEIRO DUN LOCAL DESTINADO A CENTRO SOCIOCULTURAL DA PARROQUIA DE MEIRA	
2. CODIFICACIÓN	Vocabulario común de contratos (CPV)	70130000-1, Servicios de arrendamiento de bienes raíces propios 70310000-7 Servizos de alugueiro ou venda de edificios
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	Base imponible: 68.471,52 € Importe IVA: 14.378,88€ Total: 82.850,40 €	
4. VALOR ESTIMADO	TOTAL: 171.178,8€	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	3330 20200	
6. FINANCIACION	Cofinanciación: Non <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Razón: _____ Cuantía: _____	
7. PRAZO DE EXECUCIÓN	4 anos prorrogables por períodos anuais para o arrendador ata un máximo de dez anos segundo a previsión contida nos artigos 4.3 da LAU	
8. PROCEDEMENTO	1. Adxudicación directa pola especial idoneidade do ben obxecto de arrendamento 2. Tramitación del expediente: Ordinaria <input type="checkbox"/> / Urgente <input type="checkbox"/> 3.- Publicación Oficial: PCSP <input checked="" type="checkbox"/> / DOUE <input type="checkbox"/> 4.- Prazo presentación ofertas: 15 días a contar desde o día seguinte a invitación remitida	
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	Forma presentación MIXTA (presencial ou electrónica) Non ten exclusivamente carácter electrónico ao poder participar persoas físicas que non teñen consideración de empresario de conformidade co artigo 14 da Lei 39/2015 Rexistro de entrada e no caso de que os licitadores sexan persoas xurídicas deberán preparar e presentar obrigatoriamente as súas ofertas de forma electrónica a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (https://contrataciondelestado.es),	
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	A) Tramitación ordinaria: 15 días a contar desde o día seguinte a invitación remitida	
11. PERFIL DO CONTRATANTE	Plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP)	
13. FIANZA	Excepcionado	
14. DATOS INTERESADO	Concepcion Ines Aspas Martinez	
15 RESPONSABLE DO CONTRATO	Concellería delegada de Cultura e Concellería delegada de Patrimonio	

TERCEIRO.- Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 5.178,15 euros, que se correspondería ao importe da renda máxima a abonar polos meses de outubro a decembro de 2024 (estimación do gastos máximo pola anualidade correspondente ao ano 2024), con cargo a aplicación orzamentaria 3330 20200 dos vixentes orzamentos.

O gasto que implica a celebración do contrato privado de arrendamento ten carácter plurianual polo que a adxudicación deste contrato queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato patrimonial nas anualidades nas que se fai extensivo o mesmo e, cando se aproben os orzamentos nas devanditas anualidades,

CUARTO.- Aprobar o PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXEN A CONTRATACIÓN PATRIMONIAL DO ALUGUEIRO DUN LOCAL (BEN INMOBLE) DESTINADO A USO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL DA PARROQUIA DE MEIRA, asinado pola alcaldesa en data 03 de outubro de 2024 (csv: CZ7PE624LWXMN5W3NG3SA5JJF- <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>), e o prego de prescricións técnicas do alugueiro proposto asinado en data 19 de setembro de 2024 (csv do PPT: 454DP69YH5TRGKRPJM4WMZXX3- <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>).

QUINTO.- Dispor a apertura do procedemento de contratación privada de natureza patrimonial para o alugueiro do ben inmoble ref. catastral 3220054NG2832S0002OR, sito na Ribeira, Porta do Sol nº 48, Moaña, destinado

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104

CERTIFICADO
Número: 2024-0690 Data: 14/10/2024

Cod. Validación: EMENLXANXW2AMU3ZFGFLYG97G
Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 15





Concello de Moaña

a Centro Sociocultural na parroquia de Meira, por adxudicación directa pola especial idoneidade do ben obxecto de arrendamento, ordenando a formulación da correspondente invitación a Concepcion Ines Aspas Martinez segundo o modelo que figura anexo á presente proposta.

SEXTO.- Designar como responsables do contrato ás concelleiras de Cultura e de Patrimonio e como unidade de seguimento ao departamento de Cultura deste concello.

CERTIFICADO

Número: 2024-0690 Data: 14/10/2024

Cod. Validación: EMENLXANXW2AWU3ZGFCLYG97G
Corrección: <https://concello.domoana.es/eletronica/qa/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 15

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

A N E X O

INVITACIÓN PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN PATRIMONIAL DO ALUGUEIRO DUN LOCAL (BEN INMOBLE) DESTINADO A USO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL DA PARROQUIA DE MEIRA.

Mediante acordo da Xunta de goberno local, adoptado na sesión celebrada en data..... se resolveu aprobar o expediente de contratación privada de natureza patrimonial para o alugueiro do ben inmovible ref. catastral 3220054NG2832S0002OR, sito na Ribeira, Porta do Sol nº 48, Moaña, destinado a Centro Sociocultural na parroquia de Meira, polo procedemento de adjudicación directa pola especial idoneidade do ben obxecto de arrendamento e tramitación ordinaria, coas seguintes características:

1. DENOMINACIÓN	ALUGUEIRO DUN LOCAL DESTINADO A CENTRO SOCIOCULTURAL DA PARROQUIA DE MEIRA	
2. CODIFICACIÓN	Vocabulario común de contratos (CPV)	70130000-1, Servicios de arrendamiento de bienes raíces propios 70310000-7 Servizos de alugueiro ou venda de edificios
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	Base imponible: 68.471,52 € Importe IVA: 14.378,88€ Total: 82.850,40 €	
4. VALOR ESTIMADO	TOTAL: 171.178,8€	
5.APLIC.ORZAMENTARI A	3330 20200	
6. FINANCIACION	Cofinanciación: Non [x]	
7. PRAZO DE EXECUCIÓN	4 anos prorrogables por períodos anuais para o arrendador ata un máximo de dez anos segundo a previsión contida nos artigos 4.3 da LAU	
8. PROCEDIMENTO	1. Adjudicación directa pola especial idoneidad do ben obxecto de arrendamento 2. Tramitación del expediente: Ordinaria [x] / Urgente [] 3.- Publicación Oficial: PCSP [x] / DOUE [] 4.- Prazo presentación ofertas: 15 días a contar desde o día seguinte a invitación remitida	
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	Forma presentación MIXTA (presencial ou electrónica) Non ten exclusivamente carácter electrónico ao poder participar persoas físicas que non teñen consideración de empresario de conformidade co artigo 14 da Lei 39/2015 Rexistro de entrada e no caso de que os licitadores sexan persoas xurídicas deberán preparar e presentar obrigatoriamente as súas ofertas de forma electrónica a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (https://contrataciondelestado.es).	
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	A) Tramitación ordinaria: 15 días a contar desde o día seguinte a invitación remitida	
11. PERFIL DO CONTRATANTE	Plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP) na seguinte ligazón: https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3AperfilContratante&idBp=zB%2FHGcEvB09SYrkJKLIFdw%3D%3D	
12.FIANZA	Excepcionado	
13 RESPONSABLE DO CONTRATO	Concellería delegada de Cultura e Concellería delegada de Patrimonio	

Por medio da presente invitación, convídase a participar no procedemento para o arrendamento do inmovible.

Para iso, deberá **remitir a oferta xunto cos documentos que se referencian na cláusula 12 (SOBRE «A»: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA e SOBRE «B»: OFERTA ECONÓMICA E MEMORIA TÉCNICA DESCRIPTIVA DO INMOBLE) dos Pregos** de Cláusulas Administrativas Particulares.

A oferta **presentarase ben de forma electrónica (PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA)**, a través dos servizos da PLCS, durante as 24 horas nas datas que conforman o prazo de presentación da oferta, **ou ben presencialmente (PRESENTACIÓN MANUAL)**, a través da oficina administrativa do Rexistro xeral do concello (casa consistorial do concello de Moaña), en horario de 9:00 a 14:00 horas

A documentación anterior deberá ser achegada no **prazo de 15 días naturais** a contar desde o día seguinte ao de recepción da invitación formulada polo órgano de contratación. Ilo sen prexuízo da publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante..

Poderá **acceder á documentación** do expdt, entre eles aos PCAP e os PPT que rexen a licitación, a través do Perfil de contratante da Xunta de goberno do concello de Moaña, aloxado na Plataforma de contratación do

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104

CERTIFICADO
Número: 2024-0690 Data: 14/10/2024

Cod. Validación: EMENLXANXW2AMU3ZGFCLYG97G
Corrección: <https://concellomoana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 15





Concello de Moaña

sector público co seguinte enlace:

Plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP) na seguinte ligazón:
<https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3AperfilContratante&idBp=zB%2FHGcEvB09SYrkJkLIFdw%3D%3D>

O acceso á plataforma de contratación pública electrónica que esta administración pon á súa disposición é gratuito e permite realizar a consulta e descarga da documentación relativa a este procedemento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, de acordo coas competencias da Alcaldía delegadas neste órgano por Resolución da Alcaldía nº 562 de data 19.06.2023 (BOP.PO núm. 127 de 03 de xullo 2023), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato privado de natureza patrimonial de alugueiro do inmovible ref. catastral 3220054NG2832S0002OR, sito na Ribeira, Porta do Sol nº 48, Moaña, destinado a Centro Sociocultural na parroquia de Meira, previsto nos arts. 1542 e seguintes do Código civil e que, circunscrito ao ámbito das administracións públicas, ante a ausencia de regulación expresa na normativa de réxime local, se contempla nos arts. 122 e ss da LPAP.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación privada de natureza patrimonial para o alugueiro do ben inmovible ref. catastral 3220054NG2832S0002OR, sito na Ribeira, Porta do Sol nº 48, Moaña, destinado a Centro Sociocultural na parroquia de Meira, polo procedemento de adxudicación directa pola especial idoneidade do ben obxecto de arrendamento e tramitación ordinaria, polo importe de 68.471,52 €, sendo o importe IVA de 14.378,88 €, sendo o total de 82.850,40 € coas seguintes características:

1. DENOMINACIÓN	ALUGUEIRO DUN LOCAL DESTINADO A CENTRO SOCIOCULTURAL DA PARROQUIA DE MEIRA	
2. CODIFICACIÓN	Vocabulario común de contratos (CPV)	70130000-1, Servicios de arrendamiento de bienes raíces propios 70310000-7 Servizos de alugueiro ou venda de edificios
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	Base imponible: 68.471,52 € Importe IVA: 14.378,88€ Total: 82.850,40 €	
4. VALOR ESTIMADO	TOTAL: 171.178,8€	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	3330 20200	
6. FINANCIACION	Cofinanciación: Non <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Razón: _____ Cuantía: _____	
7. PRAZO DE EXECUCIÓN	4 anos prorrogables por períodos anuais para o arrendador ata un máximo de dez anos segundo a previsión contida nos artigos 4.3 da LAU	
8. PROCEDIMENTO	1. Adxudicación directa pola especial idoneidade do ben obxecto de arrendamento 2. Tramitación del expediente: Ordinaria <input checked="" type="checkbox"/> / Urgente <input type="checkbox"/> 3.- Publicación Oficial: PCSP <input checked="" type="checkbox"/> / DOUE <input type="checkbox"/> 4.- Prazo presentación ofertas: 15 días a contar desde o día seguinte a invitación remitida	
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	Forma presentación MIXTA (presencial ou electrónica) Non ten exclusivamente carácter electrónico ao poder participar persoas físicas que non teñen consideración de empresario de conformidade co artigo 14 da Lei 39/2015 Rexistro de entrada e no caso de que os licitadores sexan persoas xurídicas deberán preparar e presentar obrigatoriamente as súas ofertas de forma electrónica a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (https://contrataciondelestado.es),	
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	A) Tramitación ordinaria: 15 días a contar desde o día seguinte a invitación remitida	
11. PERFIL DO CONTRATANTE	Plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP)	

CERTIFICADO
Número: 2024-0690 Data: 14/10/2024

Cod. Validación: EMENLXANXW2AMU3ZGFCLYG97G
Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 15

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

13.FIANZA	Excepcionado
14. DATOS INTERESADO	Concepcion Ines Aspas Martinez
15 RESPONSABLE DO CONTRATO	Concellería delegada de Cultura e Concellería delegada de Patrimonio

TERCEIRO.- Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 5.178,15 euros, que se correspondería ao importe da renda máxima a abonar polos meses de outubro a decembro de 2024 (estimación do gastos máximo pola anualidade correspondente ao ano 2024), con cargo a aplicación orzamentaria 3330 20200 dos vixentes orzamentos.

O gasto que implica a celebración do contrato privado de arrendamento ten carácter plurianual polo que a adxudicación deste contrato queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato patrimonial nas anualidades nas que se fai extensivo o mesmo e, cando se aproben os orzamentos nas devanditas anualidades,

CUARTO.- Aprobar o PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXEN A CONTRATACIÓN PATRIMONIAL DO ALUGUEIRO DUN LOCAL (BEN INMOBLE) DESTINADO A USO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL DA PARROQUIA DE MEIRA, asinado pola alcaldesa en data 03 de outubro de 2024 (csv: CZ7PE624LWXMN5W3NG3SA5JJF- <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>), e o prego de prescricións técnicas do alugueiro proposto asinado en data 19 de setembro de 2024 (csv do PPT: 454DP69YH5TRGKRPJM4WMZXX3- <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>).

QUINTO.- Dispor a apertura do procedemento de contratación privada de natureza patrimonial para o alugueiro do ben inmueble ref. catastral 3220054NG2832S0002OR, sito na Ribeira, Porta do Sol nº 48, Moaña, destinado a Centro Sociocultural na parroquia de Meira, por adxudicación directa pola especial idoneidade do ben obxecto de arrendamento, ordenando a formulación da correspondente invitación a Concepcion Ines Aspas Martinez segundo o modelo que figura anexo á presente proposta.

SEXTO.- Designar como responsables do contrato ás concelleiras de Cultura e de Patrimonio e como unidade de seguimento ao departamento de Cultura deste concello.

CERTIFICADO
Número: 2024-0690 Data: 14/10/2024

Cod. Validación: EMENLXANXW2AWU3ZGFCLYG97G
Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 15

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

A N E X O

INVITACIÓN PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN PATRIMONIAL DO ALUGUEIRO DUN LOCAL (BEN INMOBLE) DESTINADO A USO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL DA PARROQUIA DE MEIRA.

Mediante acordo da Xunta de goberno local, adoptado na sesión celebrada en data..... se resolveu aprobar o expediente de contratación privada de natureza patrimonial para o alugueiro do ben inmovible ref. catastral 3220054NG2832S0002OR, sito na Ribeira, Porta do Sol nº 48, Moaña, destinado a Centro Sociocultural na parroquia de Meira, polo procedemento de adjudicación directa pola especial idoneidade do ben obxecto de arrendamento e tramitación ordinaria, coas seguintes características:

1. DENOMINACIÓN	ALUGUEIRO DUN LOCAL DESTINADO A CENTRO SOCIOCULTURAL DA PARROQUIA DE MEIRA	
2. CODIFICACIÓN	Vocabulario común de contratos (CPV)	70130000-1, Servizos de arrendamento de bienes raíces propios 70310000-7 Servizos de alugueiro ou venda de edificios
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	Base imponible: 68.471,52 € Importe IVA: 14.378,88€ Total: 82.850,40 €	
4. VALOR ESTIMADO	TOTAL: 171.178,8€	
5. APLIC. ORZAMENTARIA	3330 20200	
6. FINANCIACION	Cofinanciación: Non [x]	
7. PRAZO DE EXECUCIÓN	4 anos prorrogables por períodos anuais para o arrendador ata un máximo de dez anos segundo a previsión contida nos artigos 4.3 da LAU	
8. PROCEDIMENTO	1. Adjudicación directa pola especial idoneidade do ben obxecto de arrendamento 2. Tramitación del expediente: Ordinaria [x] / Urgente [] 3.- Publicación Oficial: PCSP [x] / DOUE [] 4.- Prazo presentación ofertas: 15 días a contar desde o día seguinte a invitación remitida	
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	Forma presentación MIXTA (presencial ou electrónica) Non ten exclusivamente carácter electrónico ao poder participar persoas físicas que non teñen consideración de empresario de conformidade co artigo 14 da Lei 39/2015 Rexistro de entrada e no caso de que os licitadores sexan persoas xurídicas deberán preparar e presentar obrigatoriamente as súas ofertas de forma electrónica a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (https://contrataciondelestado.es),	
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	A) Tramitación ordinaria: 15 días a contar desde o día seguinte a invitación remitida	
11. PERFIL DO CONTRATANTE	Plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP) na seguinte ligazón: https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3AperfilContratante&idBp=zB%2FHGcEvB09SYrkJKLIFdw%3D%3D	
12. FIANZA	Excepcionado	
13 RESPONSABLE DO CONTRATO	Concellería delegada de Cultura e Concellería delegada de Patrimonio	

Por medio da presente invitación, convidaselle a participar no procedemento para o arrendamento do inmovible.

Para iso, deberá **remitir a oferta xunto cos documentos que se referencian na cláusula 12 (SOBRE «A»: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA e SOBRE «B»: OFERTA ECONÓMICA E MEMORIA TÉCNICA DESCRITIVA DO INMOBLE) dos Pregos** de Cláusulas Administrativas Particulares.

A oferta **presentarase ben de forma electrónica (PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA)**, a través dos servizos da PLCSP, durante as 24 horas nas datas que conforman o prazo de presentación da oferta, **ou**

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104

CERTIFICADO
Número: 2024-0690 Data: 14/10/2024

Cod. Validación: EMENLXANXW2AMU3ZGFCLYG97G
Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 15





Concello de Moaña

ben presencialmente (PRESENTACIÓN MANUAL), a través da oficina administrativa do Rexistro xeral do concello (casa consistorial do concello de Moaña), en horario de 9:00 a 14:00 horas

A documentación anterior deberá ser achegada no **prazo de 15 días naturais** a contar desde o día seguinte ao de recepción da invitación formulada polo órgano de contratación. Ilo sen prexuízo da publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante..

Poderá **acceder á documentación** do expdt, entre eles aos PCAP e os PPT que rexen a licitación, a través do Perfil de contratante da Xunta de goberno do concello de Moaña, aloxado na Plataforma de contratación do sector público co seguinte enlace:

Plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP) na seguinte ligazón:
<https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3AperfilContratante&idBp=zB%2FHGcEvB09SYrkJkLIFdw%3D%3D>

O acceso á plataforma de contratación pública electrónica que esta administración pon á súa disposición é gratuíto e permite realizar a consulta e descarga da documentación relativa a este procedemento.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º e praxe da Sra. Alcaldesa, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expido a presente certificación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

CERTIFICADO
Número: 2024-0690 Data: 14/10/2024

Cod. Validación: EMENLXANXW2AMU3ZGFCLYG97G
Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 15

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104

